

ReMesa

Comarca de Ourense

Outono-Inverno
1998

POR DIREITO, POR DECRETO

OU-1998-XA

Porque hai cousas que nos identifican, cámbia a matrícula

A MESA FOIA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

O pasado día 13 de Setembro A Mesa de Ourense convocou toda a cidadanía da cidade, institucións, asociacións, partidos, sindicatos, universidade e medios de comunicación a que se achegasen á Praza Maior cos seus automóveis para faceren o troco da súa matrícula vella pola nova de recente aprobación. Un acto simbólico, como aquel de Maio de 1995, hai xa tres anos, no que se bautizaran os primeiros coches co autocolante do OU e no que comezara a longa peregrinaxe que fixo posíbel facer deste ano 1998 unha data histórica para a nosa lingua: a restauración a todos os niveis do topónimo Ourense.

A campaña "Ourense por dignidade" amenceu nun longo parto que, ao fin, deu como resultado o Real Decreto 1.735/1998 do 31 de Xullo, polo que se modifica o artigo 233 do código de Circulación e das placas oficiais de matrícula dos vehículos da provincia de Ourense, publicado no BOE do 5 de Setembro de 1998 e que entrou en vigor o día 7 do mesmo mes.

A Praza Maior, ese día, acolleu mais de 200 automóveis. Desde as 12 h. até as 14 h. non paramos de trocar placas velhas por placas novas. Comezaba así o lento proceso para conseguirmos que, de aquí a pouco, o que xa é oficial se convirta en realidade, para que todas as matriculas de todos os coches da provincia fagan gala deste OU que nos representa con toda a dignidade.

Xa finalizando o acto, a representante da Mesa en Ourense, Asunción Árias, lía o seguinte manifesto:

Benvidas e benvidos á vida, ao futuro.

Hoxe estamos aquí todos e todas para principiar unha nova andaina, o camiño de algo vivo: o noso idioma que nos nomea e nomea as cousas. É motivo de festa e ledicia saber que A Mesa é unha plataforma cidadá na que cabemos todos porque o obxectivo común foi a recuperación do nome desta cidade: Ourense.

É motivo de alegría o idioma vivo, en liberdade, circulando por Galiza e Europa sen barreiras, sen capelas nen espazos concretos de ninguén. Con estas siglas de OU A Mesa e a cidadanía demostraron que cando traballamos polo que nos une, xunto vontade e dignificando o noso, o éxito é de todos, e entón é cando nos expandimos, crecemos e progresamos.

Hoxe estamos aquí para comezar a circular cara ao futuro coa dignificación do noso presente, cunha lei na man, dereito e decreto que todos nós conseguimos porque crimos nel.

Por isto, coa afirmación das novas matriculas, imos tirar o lastre de tanto século escuro, do atado e ben atado, que non nos deixa camiñar para pór a nova matrícula que ten vida de seu e non é propiedade nen bandeira de ninguén porque o

esfuerzo foi común.

A Mesa convida-vos a que renovedes as siglas OR por OU nos vosos automóveis e sexamos mensaxeiros/as de algo vivo e propio que nos fai mais libres porque dignifica e normaliza a nosa cultura facendo-a mais dinámica e viva por sermos plurais.

OU-1998-XA! POR DIREITO, POR DECRETO

A Mesa quer agradecer-lles a todas as representacións institucionais da cidade e provincia, aos medios de comunicación, asociacións culturais e veciñais, centros de ensino, concellos, sindicatos, partidos políticos, agrupacións independentes, ecoloxistas, feministas, de insumisos, comerciantes, outras agrupacións de defensa da nosa lingua, universidade... e a todos os cidadáns e cidadás a súa presenza neste acto, e agradece o apoio recibido no camiño do noso idioma, o que nos converte a todos en protagonistas vivos da nosa historia.

Ourense, o 13 de Setembro de 1998

Un esforzo de todos

Desde A Mesa diriximo-nos a todos os concellos da provincia para demandar a aprobación en pleno da substitución das vellas placas polas novas nos vehículos de titularidade municipal e para que, a través dun bando, animasen a cidadanía a facer o cambio da matrícula. É unha invitación que se pode facer desde asociacións, colectivos veciñais, etc., polo que incluímos aquí unha adaptación do texto para que lle deades a máxima difusión.



Cambia o OR polo OU

O pasado 5 de setembro publicaba-se no BOE o Decreto 1735/1998 polo que se modificaban as siglas dos permisos de circulación e das placas de matrícula dos vehículos matriculados na provincia de Ourense, que pasaron de OR a OU, tal e como se recolle xa nos vehículos matriculados a partir do pasado 7 de setembro, data de entrada en vigor do citado Decreto.

A respecto dos vehículos matriculados con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 1735/1998, os seus titulares poden, con carácter voluntario, cambiar as vellas placas de matrícula e os permisos de circulación para que figuren as siglas indicativas OU, sen que isto supoña máis custos que o prezo das placas de matrícula.

A nosa lingua e a nosa toponimia son un valor cultural que autoridades e cidadáns temos o deber de conservar e difundir. O indicativo OU nos nosos vehículos consolida e reafirma o nome de Ourense, constituindo así un sinal inequívoco da nosa identidade. Por esta razón convidamos-vos e animamos-vos a que cambiades os permisos de circulación e as vellas placas de matrícula dos vosos vehículos para adaptalos así á nova situación e sumar-vos aos centos de ourensáns e ourensás que circulan xa co OU que nos identifica.

A Mesa pola Normalización Lingüística

A fala viva

Un programa da Mesa e Onda Cero-Rádio Miño Ourense

Co nome de *A Fala Viva* seguimos a emitir en Ourense no 98.8 da FM todos os venres de 20 h. 20 min. a 21 h.

Neste programa incluímos novas e informacións da nosa lingua e a nosa cultura, entrevistas, concursos, etc. Ademais podeades participar no programa chamando ao teléfono 988-24-14-24 ou escribindo a Onda Cero-Rádio Miño Ourense, para o programa *A Fala Viva*. Transmitiremos as vosas opinións ou suxerencias. O enderezo é: rua Valle-Inclán 9, 2º. Ourense-32004.



castelao

ACADEMIA

Oposicións
Todas as especialidades

Curros Enríquez, 13
Tels.: 988 37 21 69 / 988 37 08 40
OURENSE



ISAAC MARNOTES VILLANUEVA



DISTRIBUIDOR OFICIAL
SERVICIO TÉCNICO OFICIAL

TELEVISIÓN
RADIO-HI-FI

REPARACIONES
TODAS AS MARCAS

Irmáns Villar, 19 (Galerías Dorzán)
Teléfono 988 23 46 57

32005-Ourense

livro galego
e portugués

Rua da Paz, 12 - 32005 Ourense (GALIZA)
Tfn. e Fax (988) 25 07 37

LIVRARIA
Torôa